

RESOLUCIÓN REITORAL DO 19 DE OUTUBRO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA FACILITAR O DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA VIRTUAL DO ALUMNADO NA USC POLO COVID-19

A Universidade de Santiago de Compostela, tendo en conta a situación xerada como consecuencia da pandemia que estamos sufrindo, implementa un amplo programa de axudas dirixido a facilitar o acceso e a permanencia nos estudos que oferta.

O obxectivo é atender solicitudes de axudas para estudantes cunha situación económica, social ou familiar que poida influír negativamente na continuidade dos seus estudos universitarios. Co fin de poder avaliar a capacidade económica no momento de presentación da solicitude, valoraranse as circunstancias derivadas da crise xurdida como consecuencia da pandemia do coronavirus.

A crise sitúa a unha parte do alumnado nunha situación de vulnerabilidade á hora de contar con recursos económicos para facilitar o desenvolvemento da docencia virtual. Por este motivo, a Universidade pon en marcha un programa de axudas para que o alumnado dispoña de conexión a internet suficiente e adecuada para poder empregar as ferramentas virtuais.

O procedemento de concesión será o de réxime de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exceptuando do requisito de fixar unha orde de prelación cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da mesma lei. Así mesmo, empregarase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da Lei 9/2007.

En virtude do exposto, e no uso das competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto destas axudas é o cofinanciamento de servizos de internet para o alumnado da Universidade de Santiago de Compostela (USC) coa finalidade de que poida acceder ao contido do Campus Virtual e demais ferramentas didácticas necesarias para a súa actividade académica.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables e contía das axudas

1. Serán subvencionables os gastos de acceso a internet que utilicen as persoas beneficiarias da axuda.
2. Os gastos subvencionables deberán corresponder a unha única liña que poderá ser fixa ou móbil.
3. Unicamente poderá solicitarse unha subvención por persoa beneficiaria.

4. A contía máxima da axuda por persoa beneficiaria será de 40 euros.
3. A axuda cofinanciará unha porcentaxe do gasto realizado pola persoa beneficiaria que estará en función da puntuación acadada de acordo coa base NOVENA.

Puntuación mínima	Porcentaxe do gasto subvencionable
60	90%
30	70%

TERCEIRA. Ámbito temporal

O período subvencionable abarcará o gasto realizado desde o 21 de setembro ao 16 de xullo de 2021.

O alumnado beneficiario xustificará o gasto mensualmente, no prazo máximo de 10 días dende a data de finalización do período ó que se corresponda a factura, ou ben dende a data de recarga, dependendo da modalidade de contrato de conexión .

Unha vez xustificado o gasto a Universidade ingresará a contía da axuda na conta bancaria indicada na solicitude.

A falta de xustificación no prazo sinalado, sin que medie requirimento por parte da Universidade, comportará a perda da condición de beneficiario.

CUARTA. Orzamento

1. Para a concesión destas axudas destinaranse 100.000 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 8075-5901-48000.

QUINTA. Requisitos dos beneficiarios

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado da USC que cumpra os seguintes requisitos:

1.Requisitos académicos

- Estar matriculado/a no curso 2020-2021 en estudos conducentes á obtención dun título oficial de grao ou mestrado en calquera centro da USC.

- Non estar en posesión ou en condición de posuír un título do mesmo ou superior nivel ao dos estudos nos que se matricula para solicitar a axuda.

- Formalizar matrícula de, polo menos, 30 créditos.

-Non poderá participar o alumnado que estea cursando nesta Universidade un programa de mobilidade entrante nacional ou internacional, así como o alumnado que na data de remate do prazo de solicitude se atope cursando un programa de mobilidade noutra universidade fóra de Galicia.

2. Requisitos económicos

2.1 Poderá optar a esta axuda o alumnado cuxa Renda Persoal Dispoñible (RPD) sexa, como máximo, de 9.000 euros.

Calcularase a RPD de acordo coas seguintes regras:

A renda familiar (RF) obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da unidade familiar que obteña ingresos de calquera natureza:

a) Rendas dos membros computables que presentasen declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas:

i. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible de aforro, excluíndose todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2015 a 2018 e o saldo neto negativo de rendementos de capital mobiliario de 2015 a 2018 a integrar na base imponible do aforro.

ii. Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

O resultado obterase dos recadros da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2019: 420+432-421+424+429-430-425-595.

b) Nas rendas dos membros computables que non presentasen declaración valoraranse os ingresos brutos de todo tipo (salarios, rendementos do capital mobiliario, etc.), do resultado restaranse os pagos a conta efectuados.

O resultado final dividirase polo número de membros computables da unidade familiar a 31 de decembro de 2019. É dicir, a renda persoal dispoñible (RPD) = RF/nº membros computables.

Son membros computables da familia: os proxenitores, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor, de ser o caso; o/a solicitante, os/as irmáns/irmás solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2019 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente. No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o/a cónxuxe ou, no seu caso, a persoa á que se encontre unido/a por análoga relación, así como os/as fillos/as se os houbese e que convivan no mesmo domicilio.

En caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co/coa solicitante da axuda, pero terá, non obstante, a consideración de membro computable, de ser o caso, o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

Cando o réxime de custodia dos/as fillos/as sexa o de custodia compartida, consideraranse membros computables o pai e a nai do/da solicitante de bono de comedor, os fillos comúns e os ascendentes do pai e da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

Nos supostos nos que o/a solicitante da axuda sexa un/unha menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos

anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar a estes efectos.

Nos casos nos que o/a solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar que conta con medios económicos propios suficientes que permitan a dita independencia así como a titularidade ou aluguer do seu domicilio habitual.

En caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia, polo que, para o cálculo da renda, se computarán os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refiren os apartados anteriores.

2.2 No caso de que a renda familiar sufrira unha diminución posterior ao ano 2019 como consecuencia da pandemia polo coronavirus SARS-CoV-2 (COVID-19), a persoa solicitante deberá xustificalo documentalmente.

SEXTA. Compatibilidades

Estas axudas son incompatibles coa percepción de calquera outro tipo de axuda de carácter público ou privado para a mesma finalidade.

Esta axuda será incompatible coa solicitude dos recursos especificados nos apartados “b) dispositivos router con conexión a internet móbil 4G dotados de tarxeta SIM” e “d) plans de datos, tarxeta SIM” da base QUINTA do Programa de préstamo de material informático da Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da docencia non presencial, convocado por Resolución Reitoral do 19 de outubro de 2020.

Tampouco poderá acceder a este tipo de axuda aquel alumnado que obtivese praza na *Convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do servizo universitario de residencias da Universidade de Santiago de Compostela para o curso 2020-21*.

SÉTIMA. Presentación de solicitudes

1. A presentación de solicitudes farase a través da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, empregando o formulario normalizado de solicitude dispoñible no seguinte enderezo dirixido á Xerencia da USC:

<https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/AxudasDocenciaVirtual.htm>

2. As consultas sobre a convocatoria ou a presentación de solicitudes dirixiranse á Oficina de Información Universitaria da USC por correo electrónico (oiu@usc.es).

3. A presentación da solicitude implicará a autorización á Universidade, acreditada mediante a sinatura do Anexo II de todos os membros computables da unidade familiar, para obter a través das correspondentes administracións tributarias os datos necesarios para comprobar a renda familiar dos membros computables da familia do/da solicitante, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha Administración Pública.

No caso de que a solicitude sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será a persoa solicitante quen deba achegar a información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar.

Do mesmo modo, se existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das Administracións Tributarias, requirirase á persoa solicitante a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto sobre a renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

4. A documentación a achegar coa solicitude é a seguinte:

- Autorización asinada por todos os membros computables da unidade familiar cos datos establecidos no modelo do Anexo II
- Declaración responsable, dispoñible no formulario de solicitude, expoñendo os feitos que produciron unha situación de dificultade económica, consecuencia da pandemia, para a/o alumna/o ou para a unidade familiar
- Documentación que acredite a situación de dificultade económica derivada da pandemia
- Factura ou xustificante do gasto realizado que deberá estar dentro do período temporal subvencionable indicado na base Terceira. A primeira xustificación comprenderá as facturas que inclúan o gasto dende o 21 de setembro ata a data de finalización de presentación de solicitudes
- No suposto de liñas de contrato ou prepago, tanto fixas como móbiles, cuxo titular non sexa a persoa solicitante deberase acreditar a relación coa persoa solicitante (parentesco, contrato de aluguer ou outros)
- No suposto de novas altas nas que aínda non se dispoña de factura o xustificante de gasto, deberase acreditar por calquera medio o importe da tarifa contratada

OITAVA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

A convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela. O prazo de presentación de solicitudes contará desde o día seguinte da publicación no Taboleiro Electrónico e será de **10 días hábiles**.

NOVENA. *Avaliación das solicitudes*

1. A valoración das propostas virá dada pola suma dos seguintes criterios:

- 70 puntos como máximo que corresponderán á Renda Persoal Dispoñible en función da Renda Familiar e do número de membros computables, que se calculará de acordo coa base QUINTA. A puntuación asignada será a seguinte:

RPD	Puntuación máxima
Ata 5.050 €	70
Entre 5.050,01 € e 9.000 €	40

- 30 puntos como máximo que corresponderán á valoración da situación persoal de dificultade económica, derivada da pandemia, da persoa solicitante ou da unidade familiar de conformidade coa valoración proposta pola Comisión de Avaliación.

DÉCIMA. *Comisión de Avaliación*

1. A Comisión de Avaliación será a encargada de avaliar o criterio de adxudicación baseado na situación persoal de dificultade económica da persoa solicitante ou da unidade familiar.

2. A Comisión de Avaliación estará composta por:

- Xerente, que a presidirá
- Vicexerenta de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica
- Técnica ou técnico de Xerencia

3. O funcionamento da Comisión de Avaliación axustarase ao disposto nas normas contidas para estes efectos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

4. Unha vez realizada a valoración das solicitudes, a Comisión de Avaliación levantará acta na que informe da puntuación asignada a cada solicitude, da que dará traslado á Xerencia.

DÉCIMO PRIMEIRA. Instrución, resolución e notificación

1. O órgano competente para a instrución do procedemento será a Vicexerencia de Persoal, Investigación e Planificacións Estratéxica.

2. A resolución dos expedientes de solicitude destas axudas correspóndelle á Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela.

3. Á vista das solicitudes presentadas, e do informe da Comisión de Avaliación, o órgano instrutor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

4. O órgano instrutor elevará a proposta de resolución á Xerencia que notificará a resolución de concesión ou denegación definitiva no prazo máximo de quince días contado desde a presentación da solicitude, de conformidade co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5. A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.

6. Contra a resolución de concesión ou denegación, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

7. De conformidade co artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez rematado o procedemento darase publicidade a través do Taboleiro Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela da listaxe de persoas beneficiarias e a modalidade da axuda.

DÉCIMO SEGUNDA. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar os recursos que se financien a actividades de estudo. O incumprimento desta obrigación será causa do reintegro da axuda.

A Universidade de Santiago de Compostela resérvase o dereito a requirirles ás persoas beneficiarias a documentación orixinal que deu lugar á obtención da axuda. O incumprimento desta obriga, ou a constatación por parte da Universidade da falsidade ou inexactitude dos datos que deron lugar á concesión da axuda, serán causa de reintegro.

DÉCIMO TERCEIRA. Xustificación e pagamento

1. O pagamento axustarase ao establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. A contía da subvención concedida aboaráselles ás persoas beneficiarias mensualmente polo importe que lles corresponda unha vez xustificado o gasto.

DECIMO CUARTA. Interpretación

Facúltase á Comisión de Valoración para interpretar todas aquelas circunstancias que concurran nas solicitudes e non queden reflectidas nesta convocatoria.

DÉCIMO QUINTA. Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO II

Número	Parentesco	NIF/NIE	Apellidos e nome	Sinatura
1	SOLICITANTE			
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

Os/As abaixo asinantes autorizan á USC, para os efectos desta convocatoria, a obter das Administracións Tributarias os datos necesarios para a comprobación da renda familiar.

Sinaturas: Este formulario ten que estar asinado por todos os membros da unidade familiar, incluído/a o/a solicitante.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
19/10/2020 16:07:02.

CSV: F562-CD74-4B2D-86C9